

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2022

Estimada alcaldesa/ Estimado alcalde:

A Fegamp vén de asinar un convenio coa Universidade Nacional de Educación a Distancia e a entidade Fuertes Razones para desenvolver unha ambiciosa acción formativa, *Galicia Axenda 2030: Programa de Formación e Implementación da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles*, que aspira a dotar ás entidades locais galegas de ferramentas para a incorporación e visibilización dos ODS nas súas políticas públicas, e á creación de espazos de colaboración e posta común dos axentes directamente involucrados no deseño e aplicación desas políticas.

Como sabes, a [Axenda 2030 e os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles](#) pretenden promover e implementar un plan de acción para acadar un desenvolvemento social, económico, institucional, cultural e educativo que impulse de maneira definitiva o benestar nas nosas sociedades no ano 2030.

Ti xogas un papel moi importante nesta tarefa, porque é dende o ámbito local, dende os nosos concellos, co noso traballo diario, onde podemos acadar máis impacto pola cercanía cos nos veciños e veciñas. Moitas das actuacións que xa estás a facer no teu labor diario contribúen aos ODS, e debe ser coñecido. E moitas máis poderalas orientar para acadar máis impacto.

*Galicia Axenda 2030: Programa de Formación e Implementación da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles* é un programa de formación gratuíto promovido pola FEGAMP e acreditado pola UNED, destinado ao persoal técnico e aos responsables políticos das entidades locais galegas e as súas agrupacións. Solicítoche que o deas a coñecer na túa entidade local e fomentes a participación entre o persoal técnico e os responsables políticos.

Podes acceder a máis información sobre o curso nestas ligazóns: [Galicia 2030: Programa de formación e implementación da Axenda 2030 e os ODS en Galicia](#) (<https://www.fegamp.gal/content/galicia-2030>)

Para calquera aclaración ou consulta, podes dirixirte a [lucia.gonzalez@fegamp.gal](mailto:lucia.gonzalez@fegamp.gal), teléfono 981 559 999 (extensión 3212).

Agardo que esta iniciativa resulte do teu interese e que, dende logo, sexa útil para que o labor que desenvolvemos dende as entidades locais estea máis e mellor orientado, se cabe, cara o consecución dunha sociedade máis inclusiva, sustentable e máis xusta.

Recibe un cordial saúdo.

Alberto Varela, Presidente da Fegamp

